

COPA GALEGA PREBENXAMÍN

Temporada 2024/25. Circular 24-10.

1. Organización, datas e sedes

1. Poderán participar na Copa Galega Prebenxamín os dezaseis mellores clubs clasificados nas xornadas locais da clasificación conxunta.
2. A Copa Galega Prebenxamín celebrarase na data e lugar establecidos no calendario de natación.
3. A competición celebrarase nunha única sesión que comezará ás 17:00 horas.

2. Programa de probas

1. 4x25 m Estilos Mixto
2. 50 m Libre Masculino
3. 50 m Libre Feminino
4. 100 m Libre Masculino
5. 100 m Libre Feminino
6. 50 m Costas Masculino
7. 50 m Costas Feminino
8. 50 m Braza Masculino
9. 50 m Braza Feminino
10. 100 m Estilos Masculino
11. 100 m Estilos Feminino
12. 50 m Bolboreta Masculino
13. 50 m Bolboreta Feminino
14. 4x25 m Libre Mixto

3. Participación

1. Este regulamento está destinado ás categorías:
 - a) Masculina. Nacidos no ano 2016 e posteriores.
 - b) Feminina. Nacidas no ano 2016 e posteriores.
2. A participación está aberta a todos os nadadores das categorías sinaladas e que pertencen aos clubs con dereito a participar.
3. Cada nadador poderá participar como máximo nunha proba individual e unha remuda.
4. Cada club poderá inscribir un máximo de tres nadadores en cada proba, pero só puntuarán os dous primeiros. Non haberá límite no número de remudas por club, pero só puntuarán os dous primeiros equipos de cada proba.
5. As remudas terán que estar formadas por dous nenos e dúas nenas.
6. Os clubs con dereito a participar deberán confirmalo no prazo sinalado. Se algún club non participa, o seu posto podería ser cuberto polo seguinte club clasificado.
7. Admitiranse baixas, cambios de nadadores e composicións de remudas até 45 minutos antes do inicio da sesión. Os cambios de nadadores realizaranse previa solicitude de baixa dun nadador do mesmo club

inscrito na proba. O nadador substituído non poderá participar en ningunha proba individual ou de remudas na mesma sesión..

4. Inscripcións

1. Realizaranse a través do XESDE e remitirase á FEGAN por correo electrónico (inscripciones@fegan.org) o rexistro de inscrición que o propio programa xere en formato PDF. Xunto co devandito expediente enviarase no mesmo correo electrónico o xustificante do pagamento da inscrición.
2. As inscricións deberán estar en mans da FEGAN, como data límite, o martes anterior á data de celebración que figura no calendario de natación desta tempada, sendo responsabilidade do club que realiza a inscrición asegurarse de que foi recibido.
3. Os nadadores para cambios e que participan só en remudas tamén deberán inscribirse a través do Xesde, enviando o certificado de rexistro xerado.
4. Xunto coa inscrición incluíranse no correo electrónico as composicións das remudas. O día da competición admitíranse cambios por baixas.

5. Fórmula de competición

- 1.- Realizaranse todas as probas contra o reloxo.
- 2.- Puntuarán os 16 primeiros clasificados de cada proba individual e remuda. Só puntuarán dous nadadores por club e dúas remudas por club. O clasificado a continuación non será puntuado, sendo a súa puntuación outorgada ao seguinte da clasificación.
- 3.- A puntuación nas probas individuais será: 19, 16, 14, 13, 12, 11, 10, 9, 8, 7, 6, 5, 4, 3, 2, 1.
- 4.- A puntuación nas probas de remudas será: 38, 34, 28, 26, 24, 22, 20, 18, 16, 14, 12, 10, 8, 6, 4, 2.

6. Clasificacións

- 1.- Realizaranse as seguintes clasificacións:
 - a) Clasificación masculina. Suma de puntos acadados nas probas masculinas máis a metade dos puntos das probas de remudas mixtas.
 - b) Clasificación feminina. Suma de puntos acadados nas probas femininas máis a metade dos puntos das probas de remudas mixtas.
 - c) Clasificación total. Suma de puntos da clasificación masculina e feminina.

7. Títulos e premios

1. Entregarase un trofeo ao club clasificado primeiro na clasificación total como Campión da Copa Galicia Prebenxamín.
2. Entregaranse medallas a todos os integrantes dos tres primeiros equipos clasificados.
3. Entregaranse medallas conmemorativas a todos os participantes.

A Coruña, xulio 2024